

Nº; municipio; denominación; prazo de execución; clasificación do contratista; orzamento.

503/POL/2005; A Merca; construción de piscina municipal na Merca; 4 meses; C/2/c; 255.000 euros.

Características:

1. Entidade adxudicadora.
 - a) Deputación Provincial de Ourense.
 - b) Dependencia: Negociado de Contratación.
2. Obxecto do contrato: a execución da obra sinalada ao comezo do anuncio.
3. Tramitación, procedemento e forma de adxudicación.
 - a) Tramitación: ordinaria.
 - b) Procedemento: aberto.
 - c) Forma: poxa.
4. Orzamento base de licitación: o que se sinala ao comezo do anuncio.
5. Garantías.
 - a) Provisional: o 2% sobre o orzamento do contrato.
 - b) Definitiva: o 4% sobre o importe de adxudicación.
6. Obtención de documentación e información.
 - a) Entidade: Deputación Provincial de Ourense.
 - b) Enderezo: rúa Progreso, nº 32.
 - c) Localidade e código postal: Ourense, 32003.
 - d) Teléfono: 988 38 51 14.
 - e) Fax: 988 38 51 84.
 - f) Data límite de obtención da documentación: ata o día anterior ao final do prazo de presentación.
7. Requisitos específicos dos contratistas.
 - a) Clasificación: a sinalada na relación anterior.
8. Presentación das ofertas ou das solicitudes de participación.
 - a) Data límite de presentación: 26 días naturais contados desde o día seguinte ao publicación deste anuncio no *Diario Oficial de Galicia*. Se o último día do prazo fose inhábil ou sábado, prorrogarase o primeiro día hábil seguinte.
 - b) Documentación que hai que presentar: a sinalada no prego de condicións.
 - c) Lugar de presentación: rexistro xeral de 9.00 a 14.00 horas.
 - 1º Entidade: Deputación Provincial de Ourense.
 - 2º Enderezo: rúa Progreso, nº 32.
 - 3º Localidade e código postal: Ourense, 32003.
 - d) Prazo durante o cal o licitador está obrigado a manter a súa oferta: 20 días desde a apertura de plicas.

e) Non se admiten variantes ao proxecto aprobado.

9. Apertura de ofertas.

a) Entidade: deputación.

b) Enderezo: rúa Progreso, nº 32.

c) Localidade: Ourense.

d) Data: segundo prego de condicións.

e) Hora: 12.00 horas.

10. Gastos dos anuncios: serán por conta dos adxudicatarios.

11. Outras informacións: as especificadas no prego de cláusulas administrativas particulares e nos proxectos.

12. Financiamento: fondos Feder.

Ourense, 21 de abril de 2006.

Jose Quiroga
Presidente da Deputación Provincial de Ourense



INFORMA

c) OUTROS ANUNCIOS

INSTITUTO GALEGO DE MEDICINA TÉCNICA, S.A.

Anuncio da apertura do prazo de presentación de instancias para a confección das novas listas de candidatos para contratacións laborais temporais.

Todas aquelas persoas interesadas en participar no proceso de selección para a cobertura con carácter temporal de postos de traballo no instituto (auxiliar sanitario, auxiliar de clínica, técnico especialista ou superior, DUE, asistente social, auxiliar de xestión de almacén, auxiliar administrativo e auxiliar sanitario e de servizos xerais), poden consultar as bases da convocatoria a través das páxinas web: www.medtec.org ou www.sergas.es, ou nas oficinas do *Instituto Galego de Medicina Técnica, S.A.*

O prazo de presentación de candidaturas será de 15 días naturais, contados a partir do día seguinte a esta publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Todas as instancias e a documentación que as acompañe deberán ser entregadas no seguinte enderezo:

Instituto Galego de Medicina Técnica, S.A., praza Europa, portal 5-A, 6º B, 15706 Santiago de Compostela. Tfno. información: 981 57 76 50. Horario de rexistro: das 9.00 ás 14.00.

Santiago de Compostela, 10 de abril de 2006.

Julio Villar

Director xerente do *Instituto Galego de Medicina Técnica, S.A.*